

TEMA 5. CONQUISTA E COLONIZACIÓN DE AMÉRICA

Colón expuxera xa ao rei portugués o seu proxecto de viaxar ata Asia atravesando o océano Atlántico, pero foi **Isabel de Castilla** quen finalmente confiou nel, asinando as **Capitulacións de Santa Fe**, que recoñecía a **Colón** os títulos de almirante, **Vicerrei** e **Gobernador Xeral** de todo o que descubrixe, así como o 10% de todas as riquezas que houbese nos lugares conquistados, reservándose pola contra a **Coroa** o 90% restante así como a propiedade das novas terras.

Tras este “**descubrimiento**” de **América** para a **Coroa de Castilla** en 1492, comezou un proceso de exploración, conquista e colonización por parte da **Monarquía Hispánica**, coa finalidade de obter o maior beneficio económico posible mediante a explotación dos recursos e dos indíxenas das novas terras, que chamaron **As Indias**.

A **organización da conquista** pactouse de xeito particular con cada conquistador, asinando este un documento chamado **Capitulacións**, polo que obtiña riquezas e cargos públicos mentres os reis se aseguraban a propiedade do conquistado así como o **Quinto Real** (1/5 da súa riqueza).

Entre os máis destacados estiveron **Hernán Cortés**, que logrou someter aos aztecas (no actual **México**) ou **Francisco Pizarro**, que logrou conquistar o imperio inca (no actual Perú).

A conquista, levada a cabo durante o **século XVI**, e a posterior colonización dese inmenso territorio foi posible grazas a varios factores, entre os que cabe sinalar catro:

1. A superioridade tecnolóxica dos europeos, en especial as armas de fogo;
2. O uso de animais como cabalos e cans, que aportaban mobilidade ou intimidaban;
3. A división interna dos indios, con varios imperios enfrontados entre si;
4. E sobre todo polo brutal impacto das enfermidades levadas polos europeos, como a variola ou a gripe, que mataron xunto coas guerras a case o 90% da poboación nativa en só un século (56 millóns!).

Para a eficaz administración e explotación das novas terras, creáronse novas institucións como: o **Consello de Indias**, encargado de asesorar aos **Vicerreis de América** no relativo a goberno e leis; ou a **Casa de Contratación**, para controlar e levar o monopolio de todo o comercio coas Indias, facendo que Sevilla se convertese desde 1503 e rapidamente na cidade máis poboada de España.

Para regular a relación cos indíxenas, creouse unha lexislación propia: as **Leis de Indias**, nas que destacaron as **Leis de Burgos** (1512), que prohibían escravizar aos indios, e as **Leis Novas** (1542) para mellorar as condicións de vida dos indios con novos dereitos despois de reiteradas críticas, especialmente por parte de **Frei Bartolomé de las Casas**. Finalmente, creouse un modelo de administración do territorio, con: **Vicerreinados** (extensos territorios cun Vicerrei á fronte); **Gobernacións** (divisións dentro dos Vicerreinados) e **Reais Audiencias** (tribunais de xustiza en cada Gobernación).

Os sistemas de explotación máis empregados foron: a **Encomenda**, na que se entregaba a cada conquistador un número determinado de indíxenas, que debían traballar para el, mentres o 1º debía pagarlles un salario, protexelos e cristianizalos (pero a encomenda non evitou os abusos, e nas **Leis Novas** eliminouse definitivamente).

Nas minas de prata dos **Andes**, como a de **Potosí**, empregouse en cambio a **Mita**, que funcionaba como un imposto pero a pagar en forma de traballo na mina (1º ano de cada 6), recibindo a cambio os “mitayos” un ínfimo salario.

Finalmente, hai que sinalar como 3º sistema a importación de escravos negros africanos, que ao non ser súbditos da **Monarquía Hispánica** non xeraban preocupación legal ou moral algunha.

A chegada de inxentes cantidades da prata procedente de América provocou na unha inflación brutal, coñecida como “a revolución dos prezos”, xa que estes chegaron a sextuplicarse desde a segunda metade do XVI, o que provocou por exemplo a ruína do noso téxtil da lá, incapaz de competir coa de outros países.

E se ben dita prata permitiu o crecemento económico e as guerras do XVI cos **Austrias Maiores**, o seu esgotamento contribuiu tamén a agravar a **crise xeral do XVII**, cos **Austrias Menores**.

En **conclusión**, aínda que a colonización supuxo melloras técnicas aos indíxenas, e que houbo desde moi cedo unha preocupación inaudita pola situación legal dos indios, as relacións entre ambas partes foron sempre moi asimétricas e favorables aos españois e posteriormente aos seus descendentes (os chamados **Crioulos**), producíndose unha explotación salvaxe e unha marxinación dos indíxenas que se ía perpetuando, chegando incluso a día de hoxe.